

andando a terra

DE ELECCIONES

Hai unhas semanas que a miña colaboración faltaba de A NOSTRA TERRA. Esta ausencia debeusca a que andava de campaña electoral e o tempo non deu máis de si. Houbo días que se deron ben nos que tivén que pronunciar tres mítines. E outros días que, por ausencia xustificada dos compañeiros, servidor tivo que enfrentarse el soñío co público, e ademais da parte que a el lle tocaba, suplir as ausencias. Compre aclarar que, pesa a todo, a nosa organización era boa e que cumprimos os nosos plás. Falamos en lugares, aldeas, vilas e cidades. As xentes que nos escoltaban dábannos a razón, animábanos e comprendían moi ben que facíen falta moitas voces galegas no Parlamento. Seguramente que as xeacas, o frío e as neves do derradeiro día de febreiro a do primeiro de marzo nos deixou afónicos urha vez

máis. E alguém, que non somos os galegos, falara por nos. Como nos séculos en que Zamora falaba por Galicia. O mal vén de vello. Agora virán os loiros. Dirán que si os bascos, os cataláns, os andaluces ou os aragoneses teñen representantes e nós non é por culpa do caciquismo. E moitos dos que votarán os caciques son os primeiros en laixarse. Prás próximas eleccións, voltaran a facer o mesmo. Pro a conciencia galega avanza cada día máis. Esto é inudable. Houbo quien me explicou que nós somos a cuarta força política de Galicia. Servidor aclarouille ó colonizadío que me deu tal versión, que non eramos a cuarta força política galega. Que eramos a primeira. Nin UCD, nin CD, nin o PSOE son forzas políticas galegas. Esto coido que está claro.

Despois das eleccións xerais venen as municipais. Quedan unhas días de trecua. Logo na



que comenza a patear de novo as aldeas, os lugares. Cavilo qué campañas farían os nomes do Partido Galeguista. Os dc veillo Partido Galeguista, naturalmente. Con qué amor e entusiasmo percorrerían todos os curruntos da nosa nación.

A propósito de eleccións, embro o señor Manuel da Vilamel, que morreu, tendo netos, polos anos cincuenta e poucos. Era un home miúdo, cunha calva lustrosa como o marfil e un breve bigotín e unhas ollos moi expresivos. Vivía na parroquia de San Andrés de Castro, no barrio de San Romao, onde habita e ainda hai, un santuario famoso, agora sin romaxe, a poucos kilómetros de Lugo. Servidor ainda lembra o fermoso souto de castñeiro, de que non queda nin un, onde se celebraba a romaría. E a fonte do santo, que está cega.

O caso é que o señor Manuel da Vilamel traballaba de pedreiro nunha cantería de Buralai. Estaba arrincando lousa ou choutos unha boa temporadilla. Así que vendía unha partida de choutos ou de lousas desaparecía un mes ou dous. O parecer iba pra Sarria, pra Chantada ou pra Beceireira. E andaba de taberna

en taberna hasta que remataba o diñeiro. Cando tiña os petos valeiros aparecía de novo polo San Romao, si algunha preguntaba por onde andivera, respondía moi riso en castrapo.

-Anduve de eleccións.

Coido que o sucedido é da bonito espresivo do concepto que tén a nosa xente das eleccións.

Tamén é curioso comprobar como a abstención aumenta na nosa nación. Os españolistas votan sempre. A abstención está, por outra banda, moi ben estruturada. Non hai máis que comprobar como están dispostas as mesas electorales por todo o noso país. O que é difícil de comprender é como pode haber tanta xente en Galicia que estéña contra o seu propio país e contra o seu propio pobo. Acusa é para meditar. O alleamento e a colonización xogan un papel importante. Con todo, na ola hai máis que cebola.

M. HORTAS VILANOVA